

ACTA ENMENDA DA ACTA ANTERIOR DE SELECCIÓN DE CATRO POSTOS DE AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME, SEGUNDA FASE. PROBAS DE COÑECEMENTOS, RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS E ELABORACIÓN DA PROBA TERCEIRA SOBRE COÑECEMENTO DO TERMO NUMICIPAL E DA TOPONIMIA LOCAL.

En Pontedeume, o día vintecinco de maio de dous mil doce, sendo as 8:30 horas reuníndese, baixo a presidencia do Sr. José Iglesias Rodríguez, os seguintes señores integrantes do Tribunal que se constitúe para enmenda da acta anterior, así como a resolución das reclamacións presentadas na fase de probas de coñecemento da oposición convocada para preveer catro prazas de auxiliar de policía local e preparación da terceira proba de coñecementos:

PRESIDENTE: D. José Iglesias Rodríguez, Xefe da Policía Local de Pontedeume.

VOCAIS: D. Constantino Piñeiro Carpenle, Tesoureiro do Concello de Pontedeume.

D. Juan María Lourido Rilo, Policía Local do Concello de Pontedeume.

D. Juan Carlos Vázquez Méndez, Policía Local do Concello de Pontedeume.

D. Ruben Amado Freire, Policía Local do Concello de Pontedeume.

SECRETARIA: Dna. M^a Berta Vellón Vellón, Administrativa do Concello de Pontedeume.

1.- MODIFICACIÓN DA ACTA DA ACTA ANTERIOR:

Omitido por erro na acta do 24 de maio do presente, a porcentaxe a que se refire o artigo 27. 2 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, faixe constar que a porcentaxe establecida polo tribunal foi do 30 %.

2º RECLAMACIÓNS PRESENTADAS:

- Vista a reclamación presentada por Dna. Judit Guendoline García Andrade, con D.N.I. nº 47.350.194 W, que expón que vindo de realizar o segundo exercicio da oposición, considera que catro preguntas non corresponden co temario de auxiliar e que son as seguintes:

Preguntas 4 e 43, que fan referencia a Lei 30/92 de Administración Públicas e Procedemento administrativo e non figura nas bases desta oposición, e as preguntas 14 e 30 que fan referencia o Código penal (delito de prevaricación e detención ilegal) que tampouco forman parte do temario, si ben figura delito e faltas pero referido exclusivamente o libro e, título e, capítulo I: Dos delitos e faltas (art 10-18).

O Tribunal acorda desestimar a súa reclamación polos motivos seguintes:

Primeiro.- A pregunta 4 por estar encadrada no Tema 2, do Anexo 1, das bases que regulan o proceso.

Segundo.- O mesmo con respecto as preguntas 14 e 30, que se encadran no Tema 7, do anexo das bases.

Terceiro.- Respecto a pregunta nº 43, se estima que está encadrada no Tema 6, do anexo das bases que rixen a convocatoria.

- Vista a reclamación de Dna. Lorena Abelleira Fernández, con D.N.I. Nº 41.825.722 X, que expón que en relación o exame de auxiliar da policía celebrado neste Concello, presenta reclamación as preguntas 14, 30, 31, 35, por considerar que non se ciñen o temario de auxiliar de policía local. O tema relativo o Código Penal que observa o temario é, Delitos e Faltas, Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables; autores e cómplices, este tema entendemos que fai referencia o Título I, do libro I, do Código Penal de Delitos e Faltas.

O Tribunal acorda desestimar a súa reclamación polos motivos seguintes:

Primeiro.- As preguntas 14, 30 e 31 encádranse no Tema 7 do anexo das bases que regulan o proceso.

Segundo.- A pregunta nº 35, encádrase no Tema 4, do anexo primeiro das referidas bases.

Publíquese a acta no taboleiro de Edictos do Concello e na paxina web, convóquese o tribunal e aspirantes que superaron a presente fase, para celebrar o segundo exercicio da selección proba de coñecemento.

E non sendo outro o obxeto, dase por rematado o acto, dispoñendo o Sr. Prsidente que se redacte a presente acta que suscriben os membros do Tribunal sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu a Secretaria certifico.